



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR

XEFATURA TERRITORIAL

Ana Belén Fernández Dopazo, secretaria do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, CERTIFICO:

Edificio Administrativo
Rúa Fernández Ladreda, 43
36071 PONTEVEDRA

galicia

Que na reunión do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra que tivo lugar o día 18/02/2014, deuse conta pola secretaria do Xurado, no punto 8 – 2º da orde do día, da adquisición pola CMVMC de Torroso (Mos) de 17 parcelas a particulares antes da entrada en vigor da Lei 7/2012, de 28 de xuño , de montes de Galicia, e que como consecuencia do proceso de agregación catastral das mesmas resultou a parcela denominada “ O Regueiro” dunha superficie de 23.157 m² (Exped. PO-01- ADERT/13)

A parcela resultante da agrupación das 17 parcelas adquirias pola Comunidade de Torroso descríbese da seguinte forma:

Concello: Mos

Parroquia : Torroso

Nome da parcela : “ O Regueiro”

Cabida: 23.157 m²

Referencia Catastral : 360033A030006450000SG

Parcela 645- polígono 30

Lindes:

Norte: Jaime Sío Carrera e Manuel Carrera Sestelo

Sur: estrada de Mos- Puxeiros, Olegario Alonso Lago e Aurora Suárez Balado

Oeste: río Perral, Alejandro Alonso Ogando e Olegario Iglesias Pérez

Leste: Isaura Rodríguez Rodríguez, Carmen Pampillón Grandal, Antonio Grandal e Carmen Barciela Pampillón.

Vista a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia, a Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Xurado acordou por unanimidade dos seus membros integrar a superficie adquirida ao monte veciñal con plenos efectos xurídicos, modificando o perímetro e a extensión do dito monte, así como comunicar ao correspondente Catastro e Rexistro da Propiedade, co fin de practicar a inmatriculación ou os asentamento de inscrición oportunos”

E para que conste, aos efectos oportunos, expídese a presente certificación en Pontevedra a nove de maio do dous mil catorce.




Nº e prace:

O presidente do Xurado de Montes

Miguel Ángel Pérez Dubois





COORDENADAS U.T.M DOS PUNTOS		
Punto	X	Y
1	531755,8	4672746,95
2	531741,21	4672755,23
3	531733,94	4672760,76
4	531714,83	4672773,7
5	531713,3	4672777,29
6	531713,31	4672781,36
7	531706,41	4672785,39
8	531702,15	4672786,66
9	531697,3	4672787,56
10	531693,43	4672788,02
11	531689,35	4672788,66
12	531684,62	4672789,42
13	531681,16	4672790,58
14	531667,13	4672802,25
15	531652,52	4672813,05
16	531650,33	4672814,01
17	531633,33	4672832,52
18	531627,95	4672836,53
19	531621,05	4672838,62
20	531616,26	4672838,61
21	531600,7	4672832,11
22	531590,53	4672830,12
23	531587,68	4672830,55
24	531574,65	4672829,97
25	531569,15	4672829,07
26	531563,73	4672827,47
27	531548,87	4672823,51
28	531544,13	4672818,51
29	531531,77	4672815,86
30	531528,07	4672814,27
31	531525,75	4672811,72
32	531522,93	4672811,25
33	531510,52	4672813,56
34	531535,58	4672785,24
35	531573,59	4672770,59
36	531573,24	4672755,22
37	531573,65	4672745,92
38	531543,53	4672714,09
39	531549,21	4672710,58
40	531596,06	4672686,52
41	531617,09	4672675,31
42	531619,07	4672679,29
43	531621,3	4672683,42
44	531632,38	4672698,94
45	531656,78	4672723,17
46	531696,24	4672699,21
47	531668,47	4672652,02
48	531718,96	4672621,94
49	531724,86	4672639,86
50	531717,69	4672642,91
51	531719,45	4672647,23
52	531701,03	4672634,04
53	531715,81	4672632,23
54	531722,65	4672677,93

DISTANCIAS ENTRE OS PUNTOS DA PARCELA		
PUNTO ORIXE	PUNTO DESTINO	DISTANCIA (m)
1	2	16,78
2	3	9,13
3	4	23,08
4	5	3,50
5	6	4,07
6	7	7,59
7	8	4,45
8	9	4,44
9	10	4,39
10	11	4,17
11	12	4,56
12	13	3,84
13	14	18,25
14	15	18,17
15	16	2,39
16	17	25,13
17	18	6,71
18	19	7,21
19	20	4,79
20	21	16,86
21	22	10,36
22	23	2,83
23	24	13,04
24	25	5,57
25	26	5,65
26	27	15,58
27	28	6,89
28	29	12,64
29	30	4,03
30	31	3,45
31	32	2,86
32	33	12,62
33	34	38,49
34	35	44,49
35	36	15,55
36	37	9,32
37	38	43,14
38	39	4,34
39	40	52,67
40	41	23,74
41	42	4,18
42	43	4,70
43	44	19,05
44	45	34,39
45	46	46,18
46	47	54,75
47	48	58,77
48	49	18,87
49	50	7,79
50	51	4,66
51	52	19,64
52	53	31,83
53	54	8,08
54	1	76,57

LEENDA

- 1 Número de punto
- Puntos da parcela
- Regos
- Rede viaria
- Topografía
- Parcela "O Requeiro"

0 10 20 30 40 50 Metros

PARCELA "O REQUEIRO"

CMVMC de Torroso - Parroquia de Torroso
Concello de Mos - Provincia de Pontevedra

PLANO TOPOGRÁFICO

Nº PLANO: 2	ESCALA 1/1000		ENXEÑEIRA TÉCNICO FORESTAL (Colexado nº 908, COETF de Galicia) (Colexado nº 908)
Data Levantamento: 13/02/2009 - 18/02/2009	Tel. contacto: 618.752.224		

En base a levantamento con GPS Trimble (corrección diferenc) e Estación total TOPCON mod.3305N sobre cartografía 5000 CPTOPV

Elipside Internacional - Huso UTM 29N
Datum European 1980

Ponteareas, Febrero de 2013

As do. María Jesús Lago Feijoo

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 9 de outubro de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica o acordo de aceptación de revisión do esbozo do monte veciñal denominado Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903) e O Regueiro (ID 4150) da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Torroso, no concello de Mos (expediente RE22020).

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra acordou na súa reunión do 23.7.2025 aceptar a revisión do esbozo e a cartografía actualizada dos montes Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903) e O Regueiro (ID 4150), realizada polo Servizo de Montes de Pontevedra, con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. Con data do 9.9.2022, a CMVMC de Torroso (Mos) solicitou a revisión do esbozo dos MVMC Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903) e O Regueiro (ID 4150). Por ese motivo, en aplicación da DT 13ª da Lei de montes de Galicia, o 30.11.2022, o Xurado acordou solicitar ao Servizo de Montes unha proposta coa revisión do esbozo e a elaboración da cartografía actualizada do monte veciñal citado, o que deu lugar ao expediente RE22020 no Servizo de Montes de Pontevedra.

Segundo. Logo da análise da documentación achegada coa solicitude, o Servizo de Montes emitiu informe o 26.3.2025 en que expón:

– O monte Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903) foi clasificado polo Xurado de MVMC de Pontevedra o 28.11.1981 cunha superficie inicial de 31 ha. Esta superficie mingou en 18,44 ha pola expropiación para o parque empresarial de Mos expediente (PO-04-EXP/08), deixando unha superficie de 12,56 ha. Mediante a Sentenza 59/2013 do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 3 do Porriño, obtén 1,32 ha (dúas porcións do monte Cerdedelos de 7.205 m² e 6.011 m²), o que supón unha superficie total de 13,89 ha.



– O monte O Regueiro (ID 4150) foi adquirido por compra (expediente PO-01-ADTER/13) coa toma de razón polo Xurado o 18.2.2014 cunha superficie de 2,32 ha e correspondente coa parcela 36033A03000645 de 23.658 m².

– A medición dos montes foi realizada seguindo as indicacións e achegas da CMVMC de Torroso.

– Non consta contrato de xestión coa Consellería do Medio Rural.

– A CMVMC de Torroso dispón dun documento de ordenación forestal inscrito no Rexistro de Montes Ordenados de Galicia co núm. 360166 e vixente ata 2025.

– Houbo variacións no perímetro por expropiacións expediente (PO-04-EXP/08), e pola permuta correspondente ao expediente PO-32-PER/08 con José Carballada que achega 653 m² nos montes de Gándara que pasan a ser MVMC por 400 m² da CMVM que pasa a ser particular.

– A CMVMC de Torroso formalizou demanda perante o Xulgado de Primeira Instancia número 1 de Pontevedra, que na Sentenza do 17 de decembro de 2012 estima a súa demanda declarativa de dominio, é dicir, adxudica a propiedade aos veciños, sobre unha superficie de 41.450 m² que integraban o recinto aeroportuario. Así mesmo, o 6.2.2015, a Audiencia Provincial de Pontevedra confirmou a citada sentenza e desestimou o recurso de apelación interposto polo Ministerio de Fomento. Esta superficie foi obxecto de expropiación no expediente PO-03-EXP/16.

– A revisión do esbozo proposto é a solicitada pola CMVMC de Torroso excepto no que se refire ás dúas parcelas máis ao norte, situadas preto do aeroporto de Vigo, cunha superficie de 0,1251 ha e 0,063 ha, que non se inclúen por considerar que non están clasificadas.

– A superficie e o perímetro da revisión do esbozo proposto total é de 15,88 has (frente ás 16,21 ha clasificadas dos dous montes despois das sentenzas e expropiacións) e 6,38 km de perímetro.

– A descrición da resolución do monte Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903), clasificado o 28.11.1981, modifícase só a superficie quedando con mesmos límites:

Monte: Baloutas, Gándara e Cerdedelos (ID 2903).

Superficie: 13,52 ha.

Perímetro: 5.465,19 m.



– A descrición da resolución do monte O Regueiro (ID 4150), coa toma de razón polo Xurado o 18.2.2014, modifícase cos seguintes nomes, cabidas e límites:

Monte: O Regueiro (ID 4150).

Superficie: 2,36 ha.

Perímetro: 910,34 m.

Norte, leste e oeste: propiedades particulares.

Sur: estrada.

– O esbozo da CMVMC de Dornelas vese afectado por esta revisión, polo que se axusta de oficio polo Servizo de Montes o esbozo de Dornelas, con base na acta de deslindamento do ano 2005 entre as parroquias de Dornelas e Torroso achegado pola CMVMC de Torroso, o plano da Sentenza xudicial 59/2013 onde se marca a liña parroquial entre Dornelas-Torroso e os proxectos de ordenación de ambas as dúas comunidades.

Terceiro. O procedemento de revisión de esbozos de MVMC vén regulado na DT 13ª da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

A vista do exposto, este xurado

ACORDA:

– Aceptar a revisión do esbozo dos montes Baloutas, Gándara e Ceredelos (ID 2903) e O Regueiro (ID 4150), segundo a proposta e planimetría elaborada polo Servizo de Montes.

Tal e como exige o parágrafo 3 da DT 13ª da LMG, a presente aceptación da revisión de esbozo será posta en coñecemento da Comunidade de Montes propietaria e publicada no DOG para coñecemento do resto de posibles persoas interesadas.

Pontevedra, 9 de outubro de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra



529500

531000

532500



4674000


4674000

4672500

4672500

4671000

4671000



Concello de Vigo


Concello de Mos

Vermello.- ID 2903- Monte "Baloutas, Gándara e Cervedelos". Superficie: 13,52 has
Azul.- ID 4150- Monte "O Regueiro". Superficie: 2,36 has

529500

531000

532500

<p>Asinado: Irene Morales Sanz Xefa de Area de Montes Veciñais</p>	<p>Escala 1:14.000 Datum ETRS89 - UTM zona 29N</p>	<p>Marzo - 2025</p>	<p>REVISIÓN DE ESBOZO TOTAL ID 2903- Monte "Baloutas, Gándara e Cervedelos" ID 4150- Monte "O Regueiro"</p>	<p>ID 2733- Pertenza: Torroso (Mos)</p>	 <p>XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Dir. Territorial de Pontevedra Servizo de Montes</p>
--	--	---------------------	---	---	--